

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ferrol, vinte e catro de marzo de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 53/2011, do 24 de marzo, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da obra VAC da Costa Norte, treito: AG-64 (San Sadurniño)-Campo do Hospital, subtreiro: As Felgosas-Campo do Hospital, nos municipios de Cerdido e Ortigueira. (Clave AC/00/062.01.1.3).

Con data do 16 de marzo de 2011, a Dirección Xeral de Infraestruturas resolveu aprobar o proxecto de trazado da obra: VAC da Costa Norte. Treito AG-64 (San Sadurniño)-Campo do Hospital. Subtreito: As Felgosas-Campo do Hospital, nos municipios de Cerdido e Ortigueira. (Clave: AC/00/062.01.1.3).

A xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución desta actuación vén motivada pola necesidade de acadar unha maior capacidade e nivel de servizo cos proporcionados pola actual estrada AC-862. Con isto preténdense diminuír os tempos de percorrido investidos, proporcionar as mellores condicións de visibilidade e aumentar a seguridade viaria, por tratarse dun treito encadrado nas actuacións de mellora das comunicacións na comunidade autónoma, xa que a nova vía de alta capacidade da Costa Norte articula, xunto coa autovía A-8, todo o territorio norte de Galicia, desde Ferrol ata Ribadeo.

A actuación prevista abarca a execución do subtreito da vía de alta capacidade da Costa Norte, comprendido entre As Felgosas e Campo do Hospital, de 5.080 metros de lonxitude. Este é o último dos tres subtreitos que conforman o treito da VAC da Costa Norte comprendido entre a AG-64 (San Sadurniño) e Campo do Hospital.

Ao longo do trazado deste treito proxéctanse 5 estruturas distribuídas nos seguintes grupos:

-2 viadutos, sobre o río Guelle e sobre o río Guntín.

-1 paso inferior baixo o tronco da autovía para repoñer a estrada.

-2 pasos superiores que permiten a reposición de camiños sobre a rasante do tronco principal da vía.

Proxéctase a construción dunha única calzada, pero considerando a posibilidade dun posterior dobre dobramento da vía de alta capacidade para a súa conversión en autovía.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28º.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10º e 52º da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16º da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e catro de marzo de dous mil once,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, así como en calquera das modificacións que sexa necesario realizar para a súa execución, para os efectos de expropiación do proxecto de trazado da obra: VAC da Costa Norte. Treito: AG-64 (San Sadurniño)-Campo do Hospital. Subtreito: As Felgosas-Campo do Hospital, nos municipios de Cerdido e Ortigueira. (Clave: AC/00/062.01.1.3).

Ferrol, vinte e catro de marzo de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 17 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2009-2010.

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 4 de marzo de

2011 (DOG do 15 de marzo), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2009-2010, e de conformidade co establecido no artigo 6º desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2009-2010 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Por proposta do xurado de selección poderanse designar os especialistas necesarios para que asesoren o xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2011.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Xurado de selección:

Presidenta: Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Membros:

Marina Armada Vigo, xefa do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Xosé Romarís Lens, xefe do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

José Antonio Jardón Bahía, xefe do Servizo de Xestión da Formación Profesional.

Jesús Manuel Rodríguez Buján, xefe do Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas.

Jesús Álvarez Marcote, inspector de educación.

Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de educación.

Carmen García Rodríguez, inspectora de educación.

Manuel Guerra Fernández, inspector de educación.

Alfonso González González, inspector de educación.

Félix Perujo de Llano, inspector de educación.

Pilar Álvarez Martínez, profesora de ensino secundario.

Gema Baquero Villaverde, profesora de ensino secundario.

Sonia García Novoa, profesora de ensino secundario.

Carmen Rey Castro, profesora de ensino secundario.

Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que actuará como secretario.

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

Resolución do 21 de marzo de 2011, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delegan competencias no director do Centro Galego de Arte Contemporánea.

A fórmula da delegación competencial é utilizada polas administracións públicas co fin de conseguir unha maior axilización no trámite e resolución dos asuntos administrativos, en beneficio tanto do funcionamento da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto ás garantías que a tutela dos intereses públicos exige.

O Centro Galego de Arte Contemporánea é unha institución integrada na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que se configura como centro de promoción da creación e difusión para o desenvolvemento da cultura no ámbito das distintas manifestacións artísticas.

A actividade administrativa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural supón unha concentración de funcións que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias no director do Centro Galego de Arte Contemporánea para a formulación das propostas na tramitación contable dos seus gastos.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 12º e 13º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e 6º do Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo; e as demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

1. Delégase no director do Centro Galego de Arte Contemporánea a función de formulación das correspondentes propostas na tramitación contable dos expedientes de gasto imputables a ese centro.